

WEBINAR SOBRE O SERVIZO EXPORTA

O coñecemento do mercado e a internacionalización: claves para a competitividade

📅 30 de marzo de 2023 ⌚ 9.30 h (45 min) 💻 Online

O coñecemento do mercado e a internacionalización: claves para a competitividade é un webinar informativo ideado para divulgar o Servizo Exporta que presta Clusaga e que lle permitirá ás empresas asociadas coñecer os beneficios de apostar pola internacionalización á hora de definir as súas estratexias.

O Servizo Exporta conta con tres Modalidades: **Market Intelligence, Internacionaliza e E-Consulting**; a primeira está centrada en ofrecer ás empresas información personalizada sobre mercados exteriores, mentres que a segunda implica a elaboración dun plan de internacionalización completo. Por último, a terceira modalidade comprende unha serie de recomendacións estratéxicas enfocadas a cada país obxectivo.

A través deste webinar as persoas responsables dos departamentos de exportación e comercial das empresas asociadas poderán obter máis información das prestacións deste Servizo así como dos beneficios de contratación do mesmo, da man de profesionais en comercio exterior con ampla experiencia no sector de alimentación e bebidas e do equipo de Clusaga.

RELADORES



Jaime Palafox Gamir
CEO de Palafox Food & Wine

Licenciado en Ciencias Económicas e asesor experto en materia de internacionalización a empresas do sector agroalimentario.



Cristina Domínguez Dosil
Export Manager en Bodegas Granbazán e Bodegas Baigorri

Graduada en Ciencias Políticas e da Administración, especialista en dirección e xestión de comercio exterior.

ORGANIZA



clúster alimentario de galicia

INSCRICIÓN

FORMULARIO

Food & Wine

Granbazán
BAI
GORRI